



CIRCULAR LU09/2015
- Aos atletas, adestradores e clubs

I XORNADA PISTA CUBERTA – DEPUTACION DE LUGO
9 de xaneiro do 2.016

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **1º Xornada de Pista Cuberta – Deputacion de Lugo**, o sábado 9 de xaneiro, en xornada de mañá, en Lugo no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*, patrocinada pola **Exmo. Diputación de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do xoves 7 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 4. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 5. Nos concursos, se o número de participantes é 14 ou menos faranse 3 saltos máis dous de mellora, se son máis de 14, todos os participantes farán 4 saltos.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. A cadencia no salto con pértiga será: 2,00 – 2,40 – 2,60 y 20 en 20 cm, ata 4 m, después de 10 en 10 cm.

Art. 7. O lanzamento de peso disputarase en concursos independentes para homes de mulleres, e será ao Aire Libre.

Art. 8. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 9. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 10. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
60 m.v. (1,06 m)	11:00	
Pértiga		Pértiga
60 m.v. (0,99 m)	11:05	
60 m.v. (0,91 m) xuvenil	11:10	
60 m.v. (0,91 m) cadete	11:15	Triple
	11:20	60 m.v. (0,84 m)
	11:25	60 m.v. (0,76 m)
60 m.l.	11:45	
Peso (cad a sen) – A.L.	12:00	Peso (cad a sen) – A.L.
Triple	12:30	60 m.l.
60 m.l. – FINAL	13:15	
	13:20	60 m.l. - FINAL
SABADO TARDE		
Altura	17:00	Altura

Art. 11. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 31 de decembro do 2015

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo